

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Resolución do 4 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Comercio, pola que se convocan as eleccións para a renovación de vogais da Comisión Galega de Artesanía que representan os artesáns e artesás de cada provincia inscritos/as na sección terceira do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

A Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establece o marco legal de actuación do sector artesanal de Galicia, e prevé no seu articulado a creación da Comisión Galega de Artesanía, integrada, entre outros membros, por catro representantes elixidos entre todos os artesáns e as artesás inscritos/as na sección terceira do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Chegado a termo o período de representación para o cal foron nomeados, procede convocar o proceso electoral para a renovación dos ditos vogais.

A Orde do 10 de febreiro de 2011, de modificación da Orde do 1 de febreiro de 2005, pola que se regula o procedemento de elección para a renovación de vogais da Comisión Galega de Artesanía que representan os artesáns e as artesás inscritos/as na sección terceira do Rexistro Xeral de Artesanía, establece no seu artigo 3º que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, determinar a apertura do proceso electoral, así como os lugares e os prazos en que estará exposto o censo electoral.

O Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, no seu artigo 2º determina en catro o número de membros da Comisión Galega de Artesanía que representan os artesáns e as artesás inscritos/as na sección terceira do dito rexistro.

De acordo co artigo 3º do Decreto 218/2001, os artesáns e as artesás de cada provincia, inscritos/as na sección correspondente do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, designarán por elección democrática un vogal da comisión, e a teor do artigo 4º da referida normativa, unha vez finalizado o prazo de 4 anos, procederase á renovación dos referidos vogais.

Por todo o anterior, e en uso das competencias que esta dirección xeral ten atribuídas no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria,

DISPOÑO:

Primeiro.-Convocar as eleccións para a renovación de vogais da Comisión Galega de Artesanía que representan os artesáns e as artesás inscritos/as na sección terceira do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Segundo.-O censo electoral estará exposto, a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e durante un prazo de dez (10) días, no taboleiro de anuncios dos servizos centrais da Consellería de Economía e Industria, na páxina web oficial da consellería (<https://economiaeindustria>), na súa epígrafe de normativa, e no taboleiro de anuncios das respectivas xefaturas territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (respecto das presentacións das reclamacións e a resolución destas, seguiranse os prazos previstos na Orde do 10 de febreiro de 2011).

Terceiro.-Os electores e electoras exercerán o dereito de sufraxio pola provincia en que se encontran inscritos/as no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2011.

María Nava Castro Domínguez
Directora xeral de Comercio

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Orde do 18 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

Advertidos erros na citada orde, publicada no DOG nº 63, do 30 de marzo de 2011, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 5.504, na disposición adicional sexta onde di: «12.04.322C.470.6, código de proxecto 2011 00628 650.000,00», debe dicir: «12.04.322C.472.6, código de proxecto 2011 00628 650.000,00».

Na páxina 5.513 o ANEXO IV-A e na páxina 5.533 o ANEXO XIV deben substituírse polos que se publican con esta corrección.

ANEXO IV-A

**DECLARACIÓN DO NÚMERO DE TRABALLADORES DA EMPRESA E, DE SER O CASO, DO CUMPRIMENTO DA
COTA DE RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
(Real decreto 364/2005, do 8 de abril; BOE do 20 de abril)**

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

D/D^a _____ con DNI/NIE _____
 en nome e representación da empresa _____
 con NIF/CIF nº _____ en calidade de _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que se reúnen as condicións para ser entidade beneficiaria de acordo co establecido na base 2ª do anexo A da orde de convocatoria e non incorre en ningunha das causas de exclusións sinaladas na base terceira do anexo A da orde de convocatoria.
- 2.- Que a empresa, con data do _____ conta cun cadro de persoal, calculado segundo a disposición adicional primeira do Real decreto 364/2005, do 8 de abril (BOE do 20 de abril), (1) de _____ traballadores ou traballadoras, dos cales _____ son persoas con discapacidade (2).
- 3.- Que a empresa ten a declaración de excepcionalidade para o cumprimento alternativo da cota de reserva a favor dos traballadores ou traballadoras con discapacidade regulada no Real decreto 364/2005.
- 4.- Que a empresa ten autorizada a adopción das medidas alternativas para cumprir a obriga de reserva de emprego, segundo se establece nos artigos 2º e 3º do Real decreto 364/2005, do 8 de abril, sinaladas a continuación (indicar o que proceda):
- A realización dun contrato civil ou mercantil con:
- O centro especial de emprego _____ con NIF/CIF/NIE _____
 - O traballador ou a traballadora autónoma, Don/Dona _____ con NIF/CIF/NIE _____
- A realización dunha doazón ou acción de patrocinio de carácter monetario para o desenvolvemento de actividades de inserción laboral e de creación de emprego de persoas con discapacidade, coa fundación ou asociación de utilidade pública _____ con NIF/CIF/NIE _____
- A constitución dun enclave laboral, logo de subscripción do correspondente contrato cun centro especial de emprego (Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, BOE do 21 de febreiro)
- Nome do centro especial de emprego _____ con NIF/CIF/NIE _____

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

(1) Para os efectos do cómputo dos traballadores da empresa, incluídos os traballadores discapacitados contratados, teranse en conta as seguintes regras:
 a) O período de referencia para o dito cálculo serán os 12 meses inmediatamente anteriores durante os cales se obterá a media de traballadores empregados, incluídos os contratos a tempo parcial, na totalidade de centros de traballo da empresa.
 b) Os traballadores vinculados por contratos de duración determinada superior a un ano computaranse como traballadores fixos de cadro de persoal.
 c) Os contratados por un prazo de ata un ano computaranse segundo o número de días traballados no período de referencia. Cada 200 días traballados ou fracción computaranse como un traballador máis.
 Cando o cociente que resulte de dividir por 200 o número de días traballados no citado período de referencia sexa superior ao número de traballadores que se computan, teranse en conta, como máximo, o total dos ditos traballadores.
 Para os efectos do cómputo dos 200 días traballados previstos nos parágrafos anteriores, contabilizaranse tanto os días efectivamente traballados como os de descanso semanal, os días festivos e as vacacións anuais.

(2) As empresas de ata 49 traballadores soamente teñen que cubrir os datos deste número 2.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO XIV



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA EMPRESA ORDINARIA

INFORMACIÓN AO TRABALLADOR OU TRABALLADORA

Don/Dona [] , con DNI / NIE nº []
en calidade de (1) [] da empresa []
con CIF nº [] , mediante este documento.

INFORMA a:

Don/Dona [] , con DNI / NIE nº []

Que o seu contrato laboral foi subvencionado a esta empresa/entidade pola Consellería de Traballo e Benestar cun importe de [] (euros), ao abeiro do Programa de integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria (2).

Que o seu contrato laboral foi subvencionado a esta empresa/entidade pola Consellería de Traballo e Benestar cun importe de [] (euros), ao abeiro do Programa de emprego con apoio, como medida do fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo (2).

Que o Fondo Social Europeo participa nun 80% no financiamento da subvención para o fomento da contratación temporal das persoas con discapacidade e para a contratación de persoas con discapacidade no marco de proxectos de emprego con apoio, a través do Programa operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013 no marco de converxencia, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea C (2007) 6733, do 18 de decembro de 2007.

Lugar e data
 , de de 2011.

Sinatura do/a representante da empresa

(1) *Administrador/a, xerente ...*(2) *Marcar cun X o que proceda.*

DECLARACIÓN DO TRABALLADOR OU DA TRABALLADORA DE TER SIDO INFORMADO/A POLA EMPRESA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Don/Dona [] , con DNI / NIE nº []
mediante este documento declara e reconece que recibiu información da empresa de que a súa contratación foi obxecto dunha subvención cofinanciada, no marco do Programa operativo, polo Fondo Social Europeo, cuxo obxectivo é o reforzo da cohesión económica e social, mellorando o emprego e as oportunidades de traballo, favorecendo un alto nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo.

Lugar e data
 , de de 2011.

Sinatura do traballador ou da traballadora